



Fotos: Diego Seixó

Deadpan Karaoke

O amor nos tempos da tecnoloxía

Iván Fernández

*What is this thing called love?
This funny thing called love.
Who can solve its mystery?
Why should it make a fool of me?*

What is this thing called love? Cole Porter.

Aposta

Ibuprofeno (a compañía formada por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso no 2010) pola integración de linguaxes escénicas. Semella que é un camiño que veñen xa explorando dende hai un tempo. Así na súa anterior peza, *Smoke on the water* (2022), integraban as formas de teatro e musical a ritmo de *rock'n'roll* e con orquestra en directo, por exemplo.

En *Deadpan Karaoke* a mestura ten que ver tamén coa integración de elementos musicais a través da interpretación de diversos temas que serven de introdución, animación e comentario ao feito escénico, pero tamén, e se acaso en particular, polo emprego do *karaoke*, invento xaponés que neste caso facilita que o xogo escénico traspase o escenario e chegue ao patio de butacas.

Xa na súa propia etimoloxía, a palabra *karaoke* integra o concepto de "baleiro" (*kara*) co de orquestra (*oke*). Algo semellante acontece coa elección de termos para o nome deste espectáculo, que alude directamente á inexpressividade facial ou *deadpan* como reflexo dun mundo onde cada vez son máis estrañas as expresións emocionais verdadeiras.

Así, *Deadpan karaoke* é un espectáculo sobre a nosa capacidade de emocionarnos e que pon enriba da mesa unha pregunta con sabor a futuro: está afectando a sociedade ultracapitalista e o emprego da tecnoloxía ao noso modo de sentir a emoción?

En concreto, falamos da emoción ou sentimento por antonomasia: o amor.

Marián Bañobre é unha especie de mestra de cerimonia robotizada, incapaz de sentir emocións. Unha persoa que acaso nos fale dende un futuro non tan afastado no tempo e que quere saber que é iso de emocionarse, de sentir.

Para iso precisa do contacto con outros seres sentintes, e que mellor que o público que xa está presente. Pero por onde comezar?

Cando un non sabe dun tema, cómpre comezar polo máis básico, non? No caso do amor, o máis recorrente será acudir aos grandes clichés do mesmo. Así *Deadpan karaoke* emprega cancións que todo o mundo asocia ao romanticismo como xeito de poñer aos espectadores en situación, exemplos máis modernos como pode ser unha

kiss cam, ou o recurso a un filme mítico como *The Bridges of Madison County* (Clint Eastwood, 1995). Todos eles axudan a revisar eses clichés do amor romántico dende unha perspectiva irónica e humorística.

Neste punto, cómpre dicir que o emprego de audiovisuais, e en particular a interacción coas secuencias do filme sinalado (un traballo maxistral do especialista en animación Gustaf Nilsson) son un dos grandes atractivos desta peza, tanto pola integración que consegue co público como pola espectacularidade acadada nos mesmos, cunha Marián Bañobre entrando e saíndo directamente das pantallas.

En xeral, *Deadpan karaoke* é unha festa. Todos os elementos están conxugados para a animación do público, até o punto que se cadra entre tanto espectáculo poidamos perder un tanto de vista o asunto que nos queren presentar. Os números musicais, os convites de participación directos ao público, o emprego de tecnoloxías ou mesmo os cambios de vestuario da personaxe interpretada por Bañobre fan que vivamos nunha excitación constante e participemos nun ambiente festivo como público que é moi de agradecer, por certo.

Neste sentido, a conxugación de elementos está moi ben artellada, sen deixar moito tempo para que a persoa espectadora descanse ou se relaxe, senón máis ben saturándoo de estímulos, acaso reflexo do que nos acontece na sociedade tecnolóxica de hoxe en día. Unha disposición que entendemos atende á intención de Patricia Rodríguez, primeira persoa convidada por Ibuprofeno para dirixir unha das súas pezas e especialista en comedia, como testemuña o seu traballo na compañía inglesa Little Soldier.

Entendemos, tamén, que Rodríguez e Ibuprofeno coinciden no emprego da ficisidade do *clown* para construír a personaxe que nos leva da man durante todo o espectáculo. Unha pallasa que fai o camiño dende a incapacidade para sentir á expresión da emoción máis exacerbada empregándose a si mesma como suxeito desta investigación e na que, de forma moi xenerosa, non deixa de expoñerse en todo momento, coas súas teimas e dúbidas, dificultades e degoiros.

Mais, onde queda o amor?

Deadpan Karaoke, Ibuprofeno Teatro

Dirección: Patricia Rodríguez

Interpretación: Marián Bañobre

Creación e dramaturxia: Patricia Rodríguez, Marián Bañobre

Axte. dirección e coreografías: Carmela Bueno

Deseño son e música: Mónica de Nut

Deseño de iluminación e escenografía: Violeta Martínez

Deseño e realización de audiovisuais: Marta Valverde, Gustaf Nilsson, Javier Lueje

Deseño de vestuario: Marián Bañobre

Realización de vestuario: Bety Busto, Marián Bañobre

Caracterización: Baia Fernández

Axuda á creación escénica da Agadic

Vigocultura. Auditorio do Concello.

Vigo, 21 de novembro de 2023.

Un dos elementos e máis interesantes que nos fan na proposta de Ibuprofeno é a crítica social que aparece nesta peza. A integración da tecnoloxía nas nosas vidas cambiou a nosa sociedade, sen dúbida, e acaso as novas xeracións non teñan xa a mesma relación co amor que as anteriores. Reflexo desta cuestión son a cantidade de novas terminoloxías que agora aparecen para referirse á trama das relacións humanas, algo que non é máis que o que levamos facendo dende que o mundo é mundo, solo que con novos termos e novos artefactos que entorpecen a comunicación real.

Acaso a mensaxe de *Deadpan karaoke* sexa a de deixar tanto aparato e deixarnos fluír na emoción, mesmo no medo de non saber se o noso interese amoroso será correspondido. Un convite para volver ao básico e ao deleite festivo que supón "esa cousa que é o amor" que todes coñecemos.#